



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 2

Sesión plenaria
1 de setembro de 2020

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPGXyXoyhFH07
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA

Punto único. Proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia



SUMARIO

Ábrese a sesión ás nove e trinta e cinco minutos da mañá.

O señor presidente abre a sesión e comunica a inasistencia a este pleno da deputada D^a Sandra Vázquez Domínguez (P). (Páx. 4.)

Promesa ou xuramento de acatar e de gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia dunha deputada. (Punto preliminar.)

Antes de entrar na orde do día, en cumprimento do artigo 7.1 do Regulamento, o señor presidente solicítalle a dona María González Albert (BNG) que prometa ou xure acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia. (Páx. 4.)

A señora González Albert (BNG) presta a súa promesa e adquire a condición plena de deputada. (Páx. 4.)

O señor presidente rógalle á señora secretaria da Mesa do Parlamento (Porro Martínez) que dea lectura á orde do día. (Páx. 4.)

A señora secretaria (Porro Martínez) le a orde do día. (Páx. 4.)

Proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia. (Punto único da orde do día.)

O señor candidato á Presidencia da Xunta de Galicia (Núñez Feijóo) expón o seu programa de goberno. (Páx. 5.)

O señor presidente comunica que a intervención dos grupos parlamentarios, de acordo co disposto no artigo 136 do Regulamento, será o día 3 de setembro de 2020. (Páx. 33.)

Suspéndese a sesión ás once e trinta e catro minutos da mañá.



Ábrese a sesión ás nove e trinta e cinco minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo tanto non procedemos á súa lectura.

Xustificou a súa inasistencia a este pleno a deputada dona Sandra Vázquez e, sen máis, entramos no desenvolvemento da orde do día.

Promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia dunha deputada

O señor PRESIDENTE: Como punto preliminar procedemos á prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia da nova deputada dona María González Albert. Todo isto facémolo dando cumprimento ao previsto no artigo 7.1 do Regulamento. Polo tanto, procedo a solicitar a prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Autonomía de Galicia da nova deputada.

Segundo o procedemento, a fórmula é de contestar «si, xuro» ou «si, prometo» á pregunta desta Presidencia.

Prégolle que responda desde o escano á pregunta que lle vou formular.

Dona María González Albert, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Prometo, por imperativo legal, cumprir e facer cumprir a Constitución e o Estatuto, así como defender as liberdades públicas e os dereitos nacionais e sociais do pobo galego.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Unha vez prestada a promesa adquire vostede a condición plena de deputada.

Benvida ao Parlamento. *(Aplausos.)*

Continuamos coa orde do día, e para iso préggolle á señora secretaria da Mesa do Parlamento que dea lectura á orde do día deste pleno.

A señora SECRETARIA (Porro Martínez): Punto único: Proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección (artigos 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e 136 do Regulamento do Parlamento de Galicia).



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia

O señor PRESIDENTE: Polo tanto, e de acordo co recollido no Regulamento, procede a exposición do programa polo candidato á Presidencia da Xunta de Galicia.

Ten a palabra o candidato don Alberto Núñez Feijóo para a exposición do seu programa.

Cando queira.

O señor CANDIDATO Á PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor presidente do Parlamento, señoras e señores deputados do Partido Popular, do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista de Galicia, convidados na Cámara, galegos e galegas, esta sesión de investidura culmina un proceso que comezou o pasado 10 de febreiro, data do decreto que dissolveu o Parlamento e, con el, a X lexislatura da nosa autonomía.

A Galicia que temos ante nós case sete meses despois, tras vérmonos obrigados a aprazar os comicios do 5 de abril pola covid-19, a Galicia que hoxe representamos pola vontade cidadá expresada finalmente nas eleccións do 12 de xullo, é moi diferente respecto á daquel momento. Calquera ilusión que tiveramos entón vese agora condicionada polas innumerables incertezas que xera a pandemia. Calquera dato positivo minguou polos seus efectos. Calquera reto está sometido á súa evolución e calquera paso adiante que deamos estará marcado pola profunda fenda emocional que provoca o moito que sufrimos e seguiremos sufrindo, especialmente as 644 familias ás que o coronavirus lles arrebatou un ser querido antes de tempo, e tamén todos os que non puideron despedirse dos seus coa proximidade e as apertas que precisamos cando nos morre alguén.

Xurdiu unha nova circunstancia histórica que nos obriga a convivir cunha pandemia e isto implica levar con nós a dor que supón en tantos galegos. Con moito máis motivo, neste Parlamento estamos obrigados a respectar tanto sufrimento coas nosas formas e cos nosos feitos. Dende logo, a miña obriga é telo sempre presente. *(Aplausos.)*

Neste momento hai en Galicia máis de 3.600 persoas afectadas polo virus. A inmensa maioría, o 95,7 % do total de contaxiados, está superando a enfermidade nos seus domicilios, pero hai 17 persoas que loitan nas unidades de coidados intensivos e 143 que están en plantas de hospitais. Dende que o 8 de marzo a primeira persoa foi dada de alta, 12.771 venceron o virus, pero algunhas delas manteñen secuelas físicas ou psicolóxicas. E lamentablemente todo indica que seguirá habendo novos contaxios, como dixemos hai meses. Todas esas persoas, igual que as que xa padecen ou padecerán as consecuencias sociais e económicas de todo isto, tamén nos reclaman unha resposta excepcional para un momento inédito, e temos que dállela. Eu, por suposto, dareina.

Esta é a cuarta vez que solicito o apoio deste Parlamento para presidir Galicia. Sempre acudín orgulloso do meu pobo, e hoxe aínda máis pola determinación coa que está afrontando un



momento tan difícil. Sempre acudín consciente da responsabilidade que supón, e hoxe aínda máis, porque ningunha outra lexislatura —nin sequera a primeira, en plena recesión económica— presentaba tantísimas necesidades e retos como os que hai agora. Sempre acudín con ilusión, e hoxe aínda máis, porque, malia todos os obstáculos, estou convencido de que podemos superarnos como xa fixemos outras veces. E sempre acudín coa vocación de manter Galicia unida, e hoxe aínda máis, porque non é o momento de egoísmos senón o de traballar xuntos polo ben común.

Señorías, o executivo autonómico que terá Galicia, se teño a confianza desta Cámara, estará preparado para seguir gobernando dende o primeiro día e para o conxunto dos cidadáns. Igual que os que nos votaron, aqueles que apoiaron outros partidos —conseguiran representación ou non— poden ter a plena certeza de que o futuro goberno tamén será seu. Será o goberno de todos, sen excepcións. Non concibo outro xeito de gobernar. *(Aplausos.)*

A unidade que se precisa nestes momentos require tamén desta Cámara, que, despois duns meses insólitos, volve funcionar de xeito ordinario por tres motivos que quero recoñecer expresamente. Xunto co País Vasco fomos o primeiro territorio en organizar unhas eleccións durante unha pandemia e, como pobo, creo que podemos sentirnos satisfeitos pola data elixida, pola execución e pola resposta cidadá.

Os expertos sinalaban o mes de xullo como o momento máis seguro para celebrar as eleccións. Non vou entrar en consideracións sobre o que os diferentes partidos afirmaron ao respecto. Non o fixen nin o farei porque entendo que o que conta é a opinión dos especialistas. Tiñan unha gran responsabilidade, pero avaliaron, aconselláronnos e á vista está de que ese comité clínico do Servizo Galego de Saúde estaba no certo cando propuxo eleccións no mes de xullo.

Cómpre tamén agradecer a organización dos comicios ás persoas que velaron pola seguridade de todos. Para a historia quedará que fixeron un excelente traballo. E, sobre todo, os galegos demostraron coa súa participación nas urnas, por riba de calquera lóxico temor, unha adhesión inquebrantable aos valores democráticos, para os bos e tamén para os malos momentos.

Señorías, nunca me cansarei de agradecer a nova maioría absoluta colleitada polo Partido Popular de Galicia. Sobre ela fixéronse moitas análises, como tamén se fixeron sobre o notable ascenso do Bloque Nacionalista Galego —polo que novamente felicito os seus integrantes— ou sobre os resultados de partidos que conformaban e conforman a coalición do Goberno central, ou tamén sobre a desaparición neste hemiciclo de forzas presentes na pasada lexislatura e noutras partes de España.

Porén, vexo un erro que quedemos só en lecturas partidistas, porque o que se decide en calquera comicio non é a situación na que queda cada formación, senón o que o pobo dita para o seu propio futuro. E debemos saber interpretalo para serlle completamente útil neste momento tan complexo.

Na miña opinión, máis aló de siglas e candidatos, estabilidade e moderación son os principais vencedores das eleccións que conforman este parlamento. *(Aplausos.)*



A vitoria da estabilidade nace da convicción maioritaria de que é a mellor fórmula sempre, pero aínda máis para afrontar as moitas incertezas que temos hoxe. A estabilidade que dá un Goberno que non é un principiante, porque calquera experiencia é pouca para afrontar unha situación como esta. E a estabilidade que dá un Goberno sólido e non dividido, con capacidade por tanto para tomar as decisións que sexan necesarias, sen pulsos internos, sen máis sometemento que ao interese xeral.

A segunda —dicía— foi a vitoria da moderación, que nada ten que ver con debilidade, con indecisión ou con ambigüidade; todo o contrario. A moderación que o pobo galego preconiza é sinónimo de determinación, de respecto e de humildade. E iso é positivo para a xestión e para a convivencia. Na xestión, as políticas moderadas son as que permiten cambios tranquilos e efectivos, constantes e seguros, como os que aplicamos na crise de 2008. Na convivencia, a moderación une, porque a moderación facilita puntos de encontro que non son factibles con teses doutrinarias.

Creo que non me equivoco se digo que para elixir goberno, e tamén para conformar oposición, os cidadáns premiaron máis moderación. En consecuencia, sería fraudulento responderlles agora endurecendo dende cada partido as nosas respectivas posicións. Eu non o vou facer, e espero que vostedes tampouco.

Non entendan isto como unha petición meramente retórica. O momento que vivimos require realmente da implicación de todos. Apelo para iso ao espírito de entendemento que a sociedade galega demostrou nestes meses, que debemos reproducir agora nesta cámara para afrontar os dous grandes retos que temos: o reto sanitario e o reto socioeconómico.

Debemos seguir traballando en común. Por iso quero que a miña primeira proposta concreta no día de hoxe sexa constituír neste parlamento unha comisión que nos permita definir xuntos o pacto da reactivación que precisa e merece a nosa terra.

Señorías, a pandemia pon todo á proba; tamén a política, que nos últimos anos non sempre estivo á altura das circunstancias. Moitos cidadáns preguntáronse se nin sequera unha situación como a que vivimos vai facer mellores os seus representantes. O noso deber é demostrarlles que si, que en Galicia si.

Iso obríganos, en primeiro lugar, a dicirlles a verdade en todo momento. Dirixímonos a cidadáns que demostraron a súa madurez tentando coidar todos a todos. Nos últimos meses, fixeron moitos sacrificios, soportaron con gran civismo restricións de dereitos e liberdades, adaptáronse a novas obrigas e prohibicións, tiveron un comportamento excepcional. E mala resposta lles daremos se agora subestimamos a situación ou se enganamos respecto dos instrumentos que temos e dos que non temos para facerlle fronte.

Señorías, na última sesión de control da pasada lexislatura, o 5 de febreiro, dixen que Galicia tivera nos últimos anos unha boa evolución. Reflectín, por exemplo, que rexistraba o produto interior bruto máis alto da súa historia. Pois ben, esa Galicia que levaba cinco anos consecutivos crecendo, que alcanzaba niveis de emprego previos á crise do 2008, que consolidaba



a súa recuperación e preparaba ilusionada o mellor Xacobeo da súa historia, sofre agora os golpes destes últimos meses.

A realidade hoxe é que a sociedade, a economía e o benestar se están vendo fortemente afectados. Por iso, eu non estou aquí —e espero que vostedes tampouco— para prometer catro anos sinxelos. Non o fixen na campaña electoral e tampouco o vou facer hoxe, porque os galegos non me elixiron para que lles minta.

O que vivimos non é unha crise máis. Se a crise de 2008 foi dura, o que está por vir é durísimo. E aínda que existen predicións dabondo abrumadoras, o certo é que as súas dimensións son aínda descoñecidas. Lamentablemente é así, e así llelo temos que dicir aos cidadáns.

Debemos falar con transparencia porque é o noso deber, pero tamén para concienciar da responsabilidade colectiva, especialmente tendo en conta a evolución dos contaxios nas últimas semanas.

Temos que asumir que o mes de agosto foi demoledor. Neste momento, en España volven diagnosticarse de media uns seis mil setecentos casos diarios, e en Galicia por riba dos douscentos sesenta casos diarios. En maior ou menor medida, toda a nación rexistra unha clara repunta que se agardaba en todo o mundo, pero que chega algo antes das previsións que o Goberno nos transmitira, e novamente con máis forza en España que noutros países da nosa contorna.

Neste contexto hai respostas que corresponde organizar ás distintas administracións, pero temos que ser conscientes de que ningún Goberno debe combater o virus sen a colaboración cidadá. Sendo escrupulosos, cada persoa contribúe a conter a progresión dos contaxios. Se alguén se relaxa, descoida a hixiene de mans, o uso de máscara ou o distanciamento físico, hai consecuencias que pagamos todos. E, por suposto, temos que ser implacables cos comportamentos irresponsables, dos que en Galicia sufrimos algún exemplo especialmente lamentable.

A prevención é o máis valioso que temos para protexernos namentres no mundo non aparece unha vacina ou tratamento efectivo. O único que nos queda despois da prevención son as restricións, con todo o que iso supón. E por iso temos que seguir insistindo: se nos relaxamos e nos confiamos, retrocederemos e confinarémonos.

Quero dirixirme expresamente aos mozos e aos non tan mozos, a todas esas persoas que pola súa idade ou condición física se senten invencibles fronte ao virus. Están equivocados. O 80 % dos casos detectados en agosto están por debaixo dos sesenta anos; máis da metade, por debaixo dos corenta anos; unha cuarta parte, vinte e cinco ou menos anos. Na maioría coinciden festas, encontros familiares ou viaxes recentes.

Preocúpanos por eles, pero sobre todo porque en moitos casos son asintomáticos que continúan a liña de contaxios ata volver alcanzar persoas máis vulnerables, como lamentablemente xa está ocorrendo. A media de idade dos falecidos en Galicia con covid-19 dende que comezou este novo incremento de casos é de 83,6 anos.



Por iso, entre todos debemos tentar evitar que esa tendencia continúe, coidar das persoas con máis idade, como farían as persoas con máis idade. ¿Acaso hai algunha dúbida de que os nosos maiores porían todo da súa parte, todo o que fixera falta, todo o que estivera nas súas mans, todo iso e máis, e todo o tempo que fose necesario para protexernos?

Polo que máis queiramos, coidémonos todos, e coidemos especialmente os nosos maiores. Polo que máis queiramos, extrememos as precaucións e cumpramos as normas. Polo que máis queiramos, sigámonos esforzando. *(Aplausos.)*

Galicia ten que seguir sendo un exemplo para Galicia, por esgotador que resulte. E, para toda España, Galicia ten que seguir sendo un exemplo de sentidiño, con medidas para protexer a saúde pública e con medidas para protexer a economía e o benestar colectivo. Eses dous obxectivos marcarán as prioridades inmediatas do meu Goberno se obteño a confianza desta cámara, sen descoidar os retos que xa tiñamos antes da pandemia.

Señorías, nunha sesión de investidura como esta, o habitual é presentar unha folla de ruta a medio e longo prazo. Eu tamén o farei, porque a Galicia da nova década tiña trazada unha estratexia previa á covid, á que dende logo non renunciaremos.

Síntome convocado por cada medida que sinalamos no programa electoral para lograr unha Galicia máis familiar, unha Galicia máis nova, unha Galicia máis innovadora e unha Galicia máis aberta. E, iso si, son plenamente consciente de que o primeiro que nos empraza son as urxencias, as urxencias xeradas pola pandemia.

Por iso, a miña obriga é sinalar con claridade que o momento máis importante da lexislatura é este. Centrará a primeira e maior parte da intervención, porque probablemente ningún outro reto, por grande que sexa, estará ao nivel do que nos xogamos nas próximas semanas e meses, e oxalá que non anos.

O resultado depende de nós, pero tamén do que a España da que formamos parte consiga no seu conxunto. O meu compromiso é seguir traballando co Goberno central, como ata agora, apoiando o que se fai ben e sinalando aquilo no que todos podemos mellorar, porque iso tamén é lealdade. Avisar sobre os erros, como o atraso na alerta nacional ou os constantes cambios de criterio nos datos, denunciar a inacción do Goberno central en ámbitos clave, como o das residencias de maiores, lamentar a falta dun liderado único na adquisición de material ou no relacionado co curso escolar, sorprendernos polo feito de que se ignoren peticións tan básicas como as que fixemos para reducir o IVE do 21 % das máscaras de uso obrigatorio ou rexeitar a estratexia xurídica que se está a desenvolver é compatible con recoñecer o esforzo da maioría dos membros do Executivo estatal e con desexarlles sobre todo que acerten.

Señorías, non vexo nin o señor Sánchez nin o señor Iglesias, líderes dun partido ou doutro; nesta situación só vexo o Goberno da nosa nación. Tanto eles como os dirixentes autonómicos saben que o pobo galego estivo, está e seguirá á disposición do interese común. Únenos o obxectivo de saír desta coa maior fortaleza posible, e nada, absolutamente nada hai máis importante que iso.



Non hai nada máis importante que seguir esforzándonos para manter como Comunidade datos que en medio de tanta dor nos dan alento no ámbito sanitario; como ser unha das comunidades con menor incidencia do virus —a quinta neste momento—, cunha das taxas de letalidade máis baixas de España, coa menor taxa de hospitalización covid —xunto con Asturias e Estremadura—, con menos pacientes graves en relación coa poboación —o segundo posto—, ou con menor mortalidade en residencias que no conxunto de España —sete veces menos falecementos do que nos correspondería por poboación—. E igualmente nada hai máis importante que evitar entre todos un segundo confinamento xeneralizado.

Precisamos que a economía funcione para seguir contando cos recursos que financian os servizos públicos, e precisamos que non se desmorone o tecido produtivo no seu conxunto para que aquilo que funcione permita auxiliar os sectores que se están vendo irremediabilmente afectados.

Coa máxima prudencia sanitaria, todos temos que protexernos a todos. Coa máxima determinación e enerxía da que sexamos capaces, todos temos que traballar para todos. *(Aplausos.)*

Señorías, nunha comparecencia pública o 13 de marzo, dixen textualmente que todos tiñamos deberes que cumprir nesta crise, pero que non todos iamos ter as mesmas responsabilidades. Transcorrido este tempo, e política á parte, non hai ningunha dúbida de que o maior peso recaeu sobre os máis de corenta mil profesionais que garanten o funcionamento dos hospitais e dos centros de saúde. E, de xeito máis concreto, nos que atenden pacientes covid e nos trinta e cinco profesionais que conforman o Comité clínico e estudan cada situación, cada risco e propoñen cada medida. Fano cun rigor e esforzo descomunal, e fano como nos piden a todos que respondamos a esta ameaza: sen desfalecer en ningunha circunstancia por dura que sexa. Nunca llelo agradeceremos dabondo.

En efecto, o reto sanitario é o máis importante, condiciona todo o demais. E, como lles dicía, estamos nun momento crítico, porque a evolución en España é mala, e en Galicia, aínda que haxa menor impacto, tamén. A incidencia en España nos últimos catorce días é de 205,5 casos diagnosticados por 100.000 habitantes, situándonos en niveis equivalentes aos do 2 de abril. Volvemos ser o país europeo con peor evolución e multiplicamos por 2,3 a incidencia da segunda nación máis afectada, Francia. En Galicia ese indicador continúa por debaixo da media nacional: 123 en Galicia, 205 en España. Pero a tendencia en Galicia tamén é negativa.

É certo que hai 99 concellos sen novos casos nas últimas dúas semanas, 130 concellos sen novos casos nos últimos sete días e case 200 concellos sen rexistrar ningún caso nos últimos tres días. Pero debemos estar atentos á evolución das zonas máis afectadas e en todo momento protexer ao máximo as residencias e centros de discapacidade. A situación actual é de 161 casos activos nas residencias, o que supón o 0,57 % do total de usuarios.

Neste contexto, en Galicia reaccionamos como fixemos dende o primeiro momento, mesmo antes de que no conxunto de España se advertira publicamente acerca do coronavirus. Saben que xa en febreiro constituímos unha comisión interdepartamental da Xunta de Galicia, iniciamos o 1 de marzo a contratación dos primeiros profesionais no ámbito da sanidade



pública e aumentamos os stocks de respiradores ata o punto de que hoxe estamos en condicións de triplicar o número de camas de críticos respecto de antes da pandemia. Reaccionamos, adiantámonos en moitas ocasións ao resto de España, e poden ter a certeza de que o seguiremos facendo en cada momento. Pero tamén digo que será máis sinxelo e máis efectivo se a coordinación a nivel nacional é ampla e permanente. España ten un grave problema se normaliza que só hai dúas alternativas para afrontar a pandemia: ou o mando único do Goberno central ou a absoluta descoordinación. As comunidades temos o noso papel e o Goberno central tamén debe asumir o seu, que non é o de centralizar todo ou inhibirse de todo, senón o de aceptar que ten competencias propias que exercer para que outros tamén poidamos desempeñar as que nos corresponden con máis eficacia. O Goberno de España ten que liderar a resposta a unha pandemia que afecta a toda a nación, ten que garantir que as forzas e corpos de seguridade aseguren o cumprimento das leis, ten que dotarse dos medios necesarios e detectar se hai normas que mellorar; e, por suposto, coordinarse coas comunidades autónomas, con estado de alarma ou sen el, nos temas que son comúns. Se non, ¿para que existen 22 membros no Goberno central?, ¿para que existen ministerios que xestionan competencias coincidentes coas autonómicas?, ¿para que hai unha vicepresidencia social se nada ten que ver coas residencias?, ¿para que hai un ministerio de educación se non ten responsabilidade no curso escolar?, ¿para que hai un ministerio de universidades se nada ten que dicir na organización da ensinanza superior?, ¿para que hai un ministerio de política territorial se nada hai que coordinar? O Estado das autonomías é un estado, non é un conxunto de estados; en consecuencia, a Administración central non pode ser unha mera observadora que se abstén de actuar agora. Porque iso non é cogobernanza, señorías, iso é desgobernanza. *(Aplausos.)*

Con esa convicción nós imos seguir defendendo que unha maior coordinación é imprescindible para protexernos máis e mellor. E, por suposto, imos seguir exercendo as nosas competencias apoiados na emerxencia sanitaria decretada o 13 de marzo e que dende ese momento segue plenamente vixente, apoiados no plan de resposta aos brotes que en Galicia está operativo dende o mes de abril, e sobre todo apoiados no comité clínico que nos asesora permanentemente nos tres eidos de actuación clave: detección, atención e adaptación. E a eles voume referir agora.

Señorías, seguiremos realizando un intenso labor de detección con todas as persoas implicadas nas tarefas de rastrexo, con médicos de familia —que están a ter un papel clave neste campo—, cos membros de medicina preventiva —que seguen os casos a nivel hospitalario—, cos equipos da Consellería de Sanidade, dos servizos centrais e das xefaturas territoriais, e anúnciolles que con futuras incorporacións, como as que o Ministerio de Defensa puxo á disposición e que Galicia xa solicitou. E tamén co reforzo da estrutura do departamento de saúde pública, que cómpre dimensionar e axustar á pandemia que vivimos.

Test, test e máis test é o camiño sinalado pola Organización Mundial da Saúde e non imos desviarnos del. Fomos a primeira comunidade en poñer en marcha o «Covid-auto», priorizamos os profesionais sanitarios, nas residencias cada nova incorporación sométese a unha proba diagnóstica e ademais levamos dous barridos completos do conxunto das 25.000 persoas que residen nas referidas residencias —e imos comezar o terceiro—.



Tamén procedemos ao cribado de colectivos especialmente expostos: a Garda Civil, Protección Civil, traballadores de escolas infantís, que hoxe comezan o curso, colexios, institutos, profesionais de farmacia, funcionarios de Administración local, traballadores da axuda no fogar, etc. Estase a impulsar a integración na App Radar Covid e esperamos a súa entrada en funcionamento a mediados de setembro. E, sobre todo, ante cada brote apróbase unha estratexia de testaxe para facer diagnóstico precoz, illar positivos e corentenar os contactos estreitos.

Actualmente facemos unha media de 4.400 probas diarias, é dicir, un 178 % máis de probas —só probas PCR, ademais dos tests de anticorpos completos— das que faciamos no pico do estado de alarma. Así somos máis eficaces e por iso se están a detectar máis casos. Pero queremos dar un paso máis. Como saben, fomos pioneiros no uso da técnica *pooling* —que actualmente analiza de forma conxunta ata 20 mostras e que terá capacidade para chegar a 60 mostras conxuntas—. E propoñémonos volver selo cun novo sistema de tests masivos a partir de mostras de saliva que se está planificando no hospital de Vigo e que esperamos consolidar ao longo do mes de setembro. Permite que cada persoa dende a súa casa recolla a súa propia mostra, que a rexistre a través dunha app e que a remita para que sexa avaliada en robots con capacidade para analizar 100.000 probas ao mes tan só nesta técnica. É un salto cualitativo para facer grandes avaliacións, que loxicamente priorizaremos nas áreas sanitarias e tamén en grandes centros de traballo ou afluencia.

Señorías, ademais dos tests, a partir dun determinado momento é inevitable aplicar restricións, como as que están en vigor neste momento. Nalgún caso con carácter xeral para toda Galicia e, se é preciso, con máis intensidade alí onde hai maior incidencia, como o fixemos nas áreas da Coruña e Lugo nas últimas semanas. Tomaremos as medidas que sexan necesarias, sendo conscientes de que ninguén é infalible e coa humildade tamén de recoñecer que o éxito na contención dos primeiros brotes —na Barbanza e na Mariña lucense, por exemplo— será cada vez máis difícil se entre todos non revertemos a transmisión comunitaria que volve haber en España.

Neste punto quero lanzar unha mensaxe de tranquilidade aos galegos: temos un gran sistema sanitario con capacidade para prestar a atención que se precisa. Como pobo decidimos que a sanidade pública fose unha das grandes obras colectivas na nosa democracia; como goberno, mellorámola nas últimas lexislaturas; e, como presidente, a sanidade segue a ser a miña máxima e principal vocación e compromiso. (*Aplausos.*) En suma, xa tiñamos unha gran sanidade pública. Acreditámolo dando unha das mellores respostas de toda España na primeira onda da pandemia e ademais preparámola para responder tamén á segunda: mantemos o reforzo dos profesionais sanitarios contratados; hai reservas para aumentar as UCI —e a día de hoxe só está ocupado o 3,6 % do total das camas de UCI dispoñibles en Galicia—; cumprimos o requisito de camas de hospitalización —aínda, afortunadamente, ocupadas actualmente tan só ao 1,7 %—; contamos coa plataforma TELEA para facerlles seguimento aos pacientes domiciliarios —atendéronse máis de 4.300—; temos capacidade para levantar hospitais de campaña se chega a ser preciso; e hai stock de material e canles abertas para adquirir o que sexa necesario e estamos preparados para intervir as residencias que sofren gran impacto da enfermidade, como fixemos recentemente no Incio.



E máis aló do reforzo puntual ao que nos obriga esta crise tamén quero subliñar que segue en vigor a estratexia que xa tiñamos antes do coronavirus para a sanidade pública. Primeiro, porque esta crise demostrou que foi un acerto o investimento sanitario nos últimos anos e, segundo, porque llelo debemos tamén a todos os galegos que sofren outras patoloxías diferentes da covid. Quixera dicirlles a estes pacientes que sofren outras patoloxías distintas da covid-19 que somos conscientes do que tamén sofren, de que a xestión da pandemia inflúe no día a día dos hospitais e centros de saúde, e do que implicaría para cada caso que os contaxios volvan desbocarse e obriguen novamente a limitar a actividade ordinaria dos centros sanitarios.

Señorías, o pasado ano Galicia foi a cuarta comunidade coa espera media cirúrxica máis baixa de todo o Sistema nacional de saúde. Rexistrou, ademais, un maior rendemento cirúrxico —case 40.000 intervencións máis ao ano das que faciamos no ano 2009, un 23 % máis—. Mellorou o ritmo de consultas, cun tempo medio de espera un 40 % menor, e tamén a eficacia da atención primaria, que hoxe deriva aos hospitais un 13 % menos de casos que hai unha década. Grazas a todo isto, de acordo co barómetro sanitario, os galegos valoraron a súa sanidade pública máis ca nunca na historia, especialmente nas urxencias e na atención primaria. Para manter estes datos —e con máis razón aínda nun contexto de pandemia— completar a renovación integral do Servizo Galego de Saúde será absoluta prioridade nesta lexislatura. (*Aplausos.*) Serao en todos os niveis, comezando pola atención primaria, porque sabemos que xoga un papel fundamental nesta crise e tamén en situación de normalidade. Do mesmo xeito que nos últimos once anos construímos ou renovamos 74 centros de saúde impulsaremos os que faltan —outros 39 centros— nesta lexislatura. E continuaremos coa execución do Plan de atención primaria 2019-2021, dotado —como saben— con 100 millóns de euros, que xa permitiu melloras retributivas e contratos máis estables e que terá as actualizacións precisas para seguir vencendo a pandemia.

Así mesmo, remataremos o impulso dado na última década á atención hospitalaria. Do mesmo xeito que construímos o novo hospital público de Vigo e puxemos en funcionamento e equipamos na súa totalidade o hospital público de Lugo, construiremos un novo hospital público na Coruña para duplicar a súa actual superficie. Do mesmo xeito que transformamos o hospital público de Ourense nun novo hospital cun edificio de ingresos na primeira fase e coa segunda fase actualmente en marcha, tamén transformaremos nun novo hospital público o de Pontevedra, o Gran Montecelo, o novo hospital público de Ferrol —xa en construción—, e ampliaremos, conforme o comprometido, o hospital público de Santiago. Do mesmo xeito que rematamos a ampliación do hospital público da Mariña e estamos impulsando a súa segunda fase, ou dotamos o hospital público do Salnés de nova superficie e de novos servizos, incluiremos novas melloras no cen por cento dos hospitais comarcais: en Verín cun novo servizo de urxencias e PAC; en Monforte, cun hospital de día e nova farmacia; no Barco reformaremos a fachada, as consultas externas, o hospital de día ou a área de cirurxía maior ambulatoria; e tanto en Cee como na Barbanza finalizaremos a ampliación das urxencias. En definitiva, cumpriremos a palabra dada e esta lexislatura será a da finalización dun novo Servizo Galego de Saúde. O cen por cento dos galegos terán ao seu carón unha infraestrutura sanitaria pública nova ou renovada e con tecnoloxía actualizada. (*Aplausos.*)

Ademais de finalizar os centros de saúde e de construír os novos hospitais referidos, seguiremos incorporando novos dereitos e servizos, como fixemos nas lexislaturas anteriores.



Igual que introducimos a libre elección de médico, pediatra, persoal de enfermería e centro hospitalario, ou o acceso á segunda opinión, incluíranse novas patoloxías no decreto que garante tempos máximos de espera. Igual que melloramos a dotación de servizos —por exemplo nos hospitais, como a Hemodinámica 24 horas en Lugo e Ourense—, nesta lexislatura a hospitalización a domicilio chegará ao cen por cento dos galegos. Igual que instauramos as vías rápidas para determinadas doenzas, agora renovaremos toda a tecnoloxía de diagnóstico do cancro de mama, estenderemos a toda Galicia o cribado de cérvix, seguiremos impulsando o de cancro de colon para acadar máis participación e iniciaremos outros novos, como os de cancro de pulmón ou de determinadas enfermidades raras.

Do mesmo xeito que incorporamos novas vacinas no calendario ou novos tratamentos, como o da hepatitis, fortaleceremos a carteira de servizos dos hospitais comarcais, comezando pola potenciación dos hospitais de día. Igual que nos últimos anos apostamos por uns hospitais con máis medios tecnolóxicos —quirófanos híbridos—, agora iniciaremos a cirurxía robótica. E teremos presente, señorías, que a pandemia supón un dano na saúde mental de moita xente. Por iso, nesta lexislatura, conforme o xa comprometido, desenvolveremos o maior plan de saúde mental da nosa historia. Crearemos novas unidades, por exemplo, no ámbito da atención infantoxuvenil, e o Servizo Galego de Saúde xa ten prevista a contratación de máis de douscentos profesionais para poder prestar unha mellor atención ás persoas con problemas de saúde mental.

Señorías, referinme á detección e á atención sanitaria, pero, como lles dixen, tamén é preciso falar da adaptación, da adaptación que temos que facer en todos os ámbitos, e de conxugar a seguridade coa actividade. En aras disto, xa apoiamos os distintos sectores para elaborar protocolos axeitados —comercio, industria, sector primario, sector turístico— e seguiremos traballando con todos, recoñecendo que en moitos casos carecen de instrucións a nivel nacional —que serían aconsellables—, que cumprir a normativa supón gran esforzo para todo o mundo e, por suposto, que por máis que o tentemos non sempre se acerta, por iso a revisión dos protocolos ten que ser constante.

Nos últimos meses os cidadáns adaptáronse nos seus traballos, no seu día a día, nos seus costumes; asimilaron un novo contexto cunha responsabilidade maioritaria. Cómpre que tamén as distintas administracións nos preguntemos se a nosa adaptación foi completa, se respondemos como debiamos ás debilidades que os primeiros meses da pandemia deixaron ao descuberto. Pois ben, quero referirme a catro eidos nos que creo que temos materias pendentes: lexislación sanitaria, profesionais sanitarios, residencias de maiores e educación.

Despois de todo este tempo España segue exactamente coa mesma lexislación sanitaria que tiña antes da pandemia. É incompreensible. Pódese entender o estado de alarma nos inicios porque nos enfrontabamos de súpeto a algo novo, pero resulta inexplicable que, tras estes meses, xa cunha segunda ola enriba de nós, continuemos igual.

Fálase de nova normalidade, pero o mecanismo que se nos dá para afrontar unha situación semellante á de marzo segue sendo excepcional; non é nin novo nin é normal, porque o estado de alarma é extraordinario, tanto se o pide o presidente do Goberno como se o pedimos os presidentes autonómicos. É imprescindible garantir axilidade e seguridade xurídica nas



actuacións de control dos brotes, e non a hai se estamos suxeitos ao criterio e aos tempos de cada xulgado de garda para tomar decisións nin tampouco se a única alternativa é que vaia-mos aprobando «estadiños de alarma» cada comunidade cun criterio distinto. Por iso defendemos modificar o marco normativo que rexe para toda España e recoller nel instrumentos homoxéneos para tomar decisións homoxéneas, que, loxicamente, cada territorio debe adoptar no momento oportuno, pero cun criterio común e cunha única lexislación. Convencidos diso, esta semana remitiremos a nosa proposta de lei orgánica de saúde ao propio presidente do Goberno, e farémolo conforme o compromiso que asumín na Conferencia de Presidentes.

Igualmente tamén lles confirmo que neste período inicial de lexislatura remitiremos a esta Cámara unha reforma da Lei de saúde de Galicia. Saben que ata agora a actualización da normativa autonómica foi imposible, estaba disolto o Parlamento. Pero, recuperadas plenamente as competencias lexislativas, esta norma parécenos prioritaria por cinco motivos: primeiro, para maior eficacia cando hai que tomar medidas urxentes, velando en todo momento pola proporcionalidade; segundo, para concretar ao máximo esas medidas, mantendo, por suposto, certa flexibilidade de resposta —por exemplo, vemos conveniente introducir unha regulación sobre os mecanismos que se teñan demostrado eficaces, como o rexistro de persoas procedentes doutros territorios en diferente situación epidemiolóxica—; terceiro, para recoller na lei o papel das novas tecnoloxías; cuarto, para aclarar as competencias da Administración local e autonómica; e quinto, para actualizar a materia sancionadora e facela coherente coas ordes que impulsamos a pasada semana neste ámbito.

Outro asunto, ademais da normativa sanitaria, é o relativo á estabilidade dos profesionais sanitarios. O respecto ao persoal sanitario é compartido por todas as administracións, pero non estou seguro de se ademais do respecto, dos aplausos e das palabras estamos respondendo con feitos. Merecen máis estabilidade e por iso seguiremos insistindo ante o Goberno central en que é urxente eliminar a taxa de reposición nas ofertas públicas de emprego do persoal sanitario. (*Aplausos.*)

Non ten sentido seguir prohibindo que se contraten máis profesionais dos que se xubilan nin ten sentido que a Administración se vexa obrigada a facer multitude de contratos temporais cando o que quere é evitalos.

Tamén merecen maior reforzo, porque hai áreas clave nas que se debe asegurar o relevo xeracional, como a atención primaria, a pediatría e a saúde mental —xa mencionada—. A cifra de novos médicos que se forman cada curso —que tamén depende do Goberno central— debe garantir as incorporacións que son precisas nestes ámbitos.

E, en terceiro lugar, merecen máis recoñecemento, sempre, e máis aínda neste momento; por iso, polo que respecta ao futuro Goberno autonómico, propoñeremos mellorar as súas condicións de traballo á altura do seu esforzo e profesionalidade.

Señorías, a emerxencia provocada pola covid-19 tamén tivo un grande impacto nos servizos sociais, non só a nivel humano, senón tamén porque provocou a apertura dunha reflexión colectiva sobre o futuro das residencias. A situación en Galicia non chegou aos extremos nos



que se viron noutros territorios grazas á anticipación e contundencia coa que se traballou dende o primeiro momento.

Antes da declaración do estado de alarma e antes de que o Goberno central publicase os seus criterios, Galicia xa contaba cun protocolo en materia de residencias. A autoridade sanitaria asumiu a tutela de todas as residencias, tanto públicas como privadas. Reforzamos o cadro de persoal dos centros residenciais con máis de mil persoas, puxemos en marcha as primeiras residencias integradas varios días antes que outras comunidades, que seguirían despois o noso exemplo, intervimos, como xa mencionei, nas residencias privadas cun elevado número de contaxios e dispoñemos dun completo plan de reactivación que indica como deben desenvolverse as visitas, as saídas das residencias e cando e en que circunstancias se deben restrinxir se hai brotes.

Houbo menor afectación e mortalidade nas residencias galegas respecto doutras partes de España, pero, dende logo, non podemos conformarnos porque tivemos que chorar demasiadas perdas e porque a protección dos maiores debe ser a máxima posible sempre.

O noso obxectivo é perfeccionar os mecanismos de resposta nas residencias ante esta ou calquera outra emerxencia e por iso haberá aínda máis sanidade nas residencias, xa que aprobaremos un protocolo de relación entre elas e a rede sanitaria pública centrado en mellorar o seguimento dos pacientes e en avanzar na teleasistencia. Poremos en marcha un plan de formación permanente para os traballadores dos centros e servizos sociais de Galicia, abordaremos a renovación e apoio tecnolóxico dos centros, reforzaremos a inspección, entre outras medidas, e elaboraremos unha nova normativa que regule as condicións de apertura e actividade das residencias de maiores. Seguiremos facendo todo o posible, e ademais contamos para iso co rigor e profesionalidade dos traballadores destes centros.

Somos conscientes de que a práctica totalidade do persoal de atención ás persoas dependentes demostrou nestes meses un gran compromiso e profesionalidade que merece toda a nosa gratitude. Por suposto, alá onde se detecten malas prácticas cómpre detectalas e denuncialas, pero as excepcións non poden enturbiar o mimo e a dedicación da maioría. ¿Por que? Porque non sería xusto. *(Aplausos.)*

Outro eido no que a adaptación é básica é a educación. Preocúpanos o inicio do curso porque estamos a falar do máis importantes que temos, que son os nosos fillos, as nosas fillas, as xeracións que garanten o futuro do país. Nos últimos anos a educación galega avanzou en ámbitos clave nos que nos propoñemos seguir aprofundando, superou liortas estériles e abriu a educación pública ao plurilingüismo. Hoxe máis de 100.000 alumnos reciben ensino nunha terceira lingua e temos o compromiso de seguir aumentando esta cifra cada curso. Viu melloradas as infraestruturas. Dende 2009 construíronse ou renováronse máis de 850 centros educativos nos que estudan 220.000 alumnos, e continuaremos coa posta a punto.

Fíxose unha educación pública máis accesible, que manteremos con máis prazas públicas de comedor, coa maior rede de transporte escolar, con axudas para libros e material e coas taxas universitarias máis baixas de España. E dispón de máis tecnoloxía, xa que hai máis de 120.000 alumnos que estudan en aulas dixitais; obxectivos que, por suposto, reforzaremos



nesta lexislatura. Só neste curso imos adquirir como mínimo outros 14.000 novos ordenadores.

Galicia pode estar orgullosa da súa educación pública porque, ademais, os resultados acreditan que pode estalo. Nos resultados do informe PISA a educación galega supera a media de España e a media da OCDE en todas as competencias avaliadas e hai o menor índice de abandono escolar da historia da comunidade autónoma (do 25,8 % de abandono escolar no ano 2008 pasamos ao 13,5 % no ano 2018).

Pero, señorías, ademais de orgullosa, quero tamén que Galicia se sinta segura e tranquila coa educación que lles deamos aos rapaces neste curso tan difícil que vai comezar e durante o tempo que dure a pandemia. É normal afrontalo con inquietude, tamén iso marcou unhas eleccións en condicións inauditas e con todos os temores que tamén houbo entón. Finalmente, creo que se resolveu satisfactoriamente. Seguramente a preocupación cero non se vai acadar nunca, pero as familias e o resto da comunidade educativa deben saber que a Xunta está facendo e fará todo o que estea na súa man e que en todo momento o Comité Clínico do Servizo Galego de Saúde, que deu unha das mellores respostas á pandemia de España, está traballando neste ámbito de forma especial, no ámbito educativo.

Que as familias afronten o inicio do curso con preocupación é inevitable, que o fagan con confusión é un feito lamentable polo que debemos pedir desculpas e que debemos resolver. Eu fágoo con independencia de quen teña máis ou menos responsabilidade porque creo que as administracións puidemos facelo mellor. Ata a semana pasada, a días da data fixada inicialmente para empezar o curso, non se celebrou o Consello Interterritorial para afrontar o protocolo común de apertura do curso escolar en España. E parece ser que por fin a Conferencia de Presidentes deste venres terá a educación nun punto da orde do día.

Quero recoñecer con claridade que eu non me sentín cómodo nesta dilatación da preparación do curso nin tampouco observando como os socios do Goberno central pasan este asunto duns a outros coma se fose unha pataca quente da que ninguén quere responsabilizarse. Pero tampouco vou escudarme niso, porque a apertura das aulas me ocupa e preocupa. O curso debe comezar coas máximas certezas, e por iso Galicia foi unha das primeiras comunidades en contar cunha proposta para o novo curso —presentada no mes de xullo—, a primeira en contar con instrucións adaptadas ao protocolo nacional pactado en toda España o pasado xoves e tamén en estar adaptada ás últimas recomendacións do Comité Clínico. Deste xeito, o claustro que hoxe se incorpora aos centros ten unha folla de ruta dende este primeiro día e, na mesma liña, para que os pais conten con toda a información precisa antes do inicio do curso, a Consellería de Educación organizará encontros telemáticos coas familias para explicar todas as medidas directamente. Posteriormente, os equipos directivos terán tamén a indicación de concretarlles as especificidades en cada centro.

Señorías, os nenos galegos volverán ás aulas de xeito escalonado porque pensamos que iso facilita a adaptación ás novidades que haberá. Volverán ás aulas seguras, reorganizadas, cando nos espazos actuais non era preciso garantir a distancia recomendada polo Ministerio. Nestas aulas estarán profesionais sometidos a un cribado completo, xa que estamos realizando probas a todo o persoal educativo e ao conxunto do persoal que traballa nos centros



educativos, tanto o público como o concertado. Galicia, que xa era a comunidade de toda España con máis profesores por alumno —10,5 rapaces por docente fronte a 12,5 alumnos por docente na media de España—, sumará os profesores necesarios para atender o novo mapa de clases. E á disposición de toda a comunidade educativa hai unha listaxe de medidas preventivas que cumprir: en primeiro lugar, a máis importante, a obrigatoriedade da máscara a partir dos 6 anos; información sobre que facer cada día antes de ir ao colexio ou instituto; medidas de protección como as relativas á ventilación da aula varias veces ao día e á limpeza do centro; así como dobres turnos ou mamparas nos comedores; escenarios para unha eventual situación de brotes; e un plan de ensinanza virtual para cando estes brotes se produzan, porque todo indica que, lamentablemente, se van producir.

Entre todos, coa máxima seguridade e coas máximas certezas, debemos traballar para que o curso comece, porque, señorías, os nenos precisan de educación de calidade. Os seus pais non poden converterse nos seus únicos profesores e os docentes teñen que estar máis aló da pantalla do ordenador. A educación, sobre todo nos máis pequenos ou con máis dificultades, será menos educación se non é presencial, porque a figura dun profesor ante os seus alumnos, a relación que forxan persoalmente, é imprescindible e insubstituíble.

Por iso, debemos aspirar a que o curso comece, con todas as preocupacións e sen perder de vista a situación epidemiolóxica, pero debemos aspirar a que o curso comece. Comprendo a preocupación e compártoa como pai e como responsable educativo. Todos os sectores a sentiron, os que nunca pararon e os que retornaron á actividade. Todos responderon con gran profesionalidade, e por iso non debemos aceptar que ninguén cuestione nin intente boicotear a dos docentes e a do resto dos traballadores educativos. (*Aplausos.*)

Igual que o persoal dos hospitais —especialmente os de urxencias, os de infecciosos e as unidades críticas— adaptou o seu servizo, no que entran miles de persoas cada día, igual que os traballadores dos supermercados, que conviven con miles de cidadáns que mercan preto deles, igual que os responsables de abrir en condicións de seguridade establecementos turísticos nos que os cidadáns desfrutaron das súas vacacións, igual que os traballadores das pequenas, medianas e grandes empresas que cada xornada cumpren co seu deber, tamén a comunidade educativa debe retomar o curso co ritmo que a autoridade sanitaria aconsella, coa maior responsabilidade, sabendo que o risco cero, lamentablemente, non existe, e con toda a vocación de dar a mellor formación aos nosos fillos. Estou convencido de que a comunidade educativa o fará ben, e farao ben, coma sempre.

Señorías, que o curso comece con todas as garantías é esencial por motivos non menores; esencial para preservar a calidade da formación dos nosos nenos, e con máis motivo no caso de familias desfavorecidas. Non podemos esquecer na educación e en todos os eidos que Galicia debe saír desta crise máis cohesionada, non menos, máis solidaria, non menos, máis equitativa, non menos.

Durante as primeiras semanas da emerxencia sanitaria Galicia despregou un plan social de continxencia para apoiar as familias que teñen que vivir ao día e que foron as que máis sufriron o impacto das primeiras incertezas; axilizouse e flexibilizouse ata o máximo que permite a lei o acceso á Risga para que máis de 1.600 persoas foran novos beneficiarios da Risga



—é dicir, un 15 % máis dos que a recibían con anterioridade—; prestouse atención domiciliaria, cen por cento gratuíta, a máis de 3.000 persoas maiores e ampliouse o servizo de Xantar na casa para chegar a 1.700 novos galegos que viven só —incremento de máis do 20 %—; e concedéronse axudas a preto de 60.000 familias, cunha bolsa de comedor escolar tanto para escolas infantís como para colexios e institutos durante a pandemia. Deste xeito, logramos amortecer o primeiro golpe da pandemia, xunto co compromiso que demostraron centos e centos de galegos dende as administracións, dende as ONG ou a título individual para atender as persoas máis vulnerables.

O comportamento exemplar da sociedade galega inspirounos para poñer en marcha un plan de recuperación social que aínda está en aplicación a día de hoxe dotado con 60 millóns de euros. Para 1.200 familias sen ingresos ou con ingresos moi baixos demos unha Tarxeta Básica de entre 450 e 900 euros para adquirir produtos de primeira necesidade, ademais dun incremento do 50 % na partida de axudas á inclusión social. Para as familias con nenos ou persoas dependentes a cargo propuxemos senllos bonos Coidado Extraordinario, con 500 euros ao mes para contratar a atención a domicilio, que xa solicitaron máis de 1.800 familias; para as 730 familias con menores en acollida incrementamos un 25 % a súa retribución; para rapaces en situación de vulnerabilidade, dous novos centros de protección; e para garantir a continuidade duns servizos sociais fundamentais, como son as escolas infantís e os centros de día, unhas liñas de axuda extraordinarias para compensar o tempo que deberon permanecer coa súa actividade suspendida.

Señorías, tamén temos presente que a loita contra a violencia machista non pode descoidarse en ningún momento. Non o fixemos nos últimos anos e por iso mantivemos as axudas periódicas e garantimos o apoio en materia psicolóxica, xudicial ou o asesoramento durante a pandemia. No momento excepcional do Estado de alarma puxemos en marcha un plan de reforzo de atención das vítimas. E seguiremos traballando nesta lexislatura, por exemplo, creando 4 centros de información de titularidade pública para mellorar e coordinar os 82 que existen a nivel municipal e tamén fomentando que sigan chegando ao ámbito rural.

O camiño cara á Galicia do benestar pasa tamén por achegar a todas as familias os recursos para vivir o máis dignamente posible. Nos últimos once anos, a nosa comunidade duplicou os fondos destinados á loita contra a pobreza. Grazas a iso e ás melloras lexislativas, como o novo decreto da Risga, a rede de seguridade que asiste as familias máis vulnerables é máis forte hoxe que hai once anos. Agora ben, isto non pode conducir ao conformismo. As consecuencias da pandemia van tensionar o noso tecido social e debemos estar preparados para reaccionar, preparados a nivel de recursos, preparados a nivel normativo e preparados tamén a nivel político. A loita contra a pobreza debe ser nesta lexislatura forxa de consensos e non orixe de disensos. *(Aplausos.)*

Nun ámbito no que é difícil deslindar as competencias autonómicas das municipais, a coordinación é capital. Nos últimos meses, demostramos que funcionar así, ademais de desexable, é perfectamente posible. Non teño máis que eloxios para o traballo dos municipios galegos, da inmensa maioría deles. Debe seguir sendo así.

Sempre defendín dende esta tribuna que a colaboración permite exercer con máis amplitude, eficiencia e acerto as funcións que temos atribuídas, por iso me entristece ler informacións



que apuntan a que o Ingreso Mínimo Vital non está a tramitarse coa axilidade que se require neste momento. Segundo os datos dos que dispoñemos, tan só está accedendo ao Ingreso Mínimo Vital o 0,5 % das persoas que o solicitan. Aínda contando as familias ás que xa lles concedeu automaticamente, esta prestación está a chegar a menos do 10 % dos seus potenciais beneficiarios. O grave atasco burocrático que estamos a vivir pode lastrar a eficacia dunha medida que o Goberno anunciou como histórica e que podería selo se se tivese posto en práctica como é debido.

Non vou recordar as advertencias que fixemos a maioría dos dirixentes autonómicos nin a maioría das ONG sobre as formas coas que se negociou e aprobou a medida e sobre a modalidade de xestión que se escolleu. Si me gustaría avanzar a posición que manterá a Xunta de Galicia se esta Cámara me outorga a confianza para ser o seu presidente. En primeiro lugar, a nosa comunidade seguirá reclamando a xestión do Ingreso Mínimo Vital. Como lle trasladei varias veces ao presidente do Goberno central, despois de trinta anos tramitando a Risga, a Administración autonómica ten os profesionais e a experiencia necesaria para que esta prestación chegue do mellor xeito posible ás persoas que o necesitan. Nin a maioría dos galegos nin eu mesmo comprendemos as razóns polas que a algunhas comunidades xa se lles ten comprometido a xestión desta axuda e a outras se nos denegou, aínda que a parálise sexa tal que cando se cumpren tres meses da publicación do Ingreso Mínimo Vital no *Boletín Oficial do Estado* nin sequera se consumase a encomenda de xestión ás dúas comunidades —ás dúas únicas comunidades— que, segundo o Goberno, eran dignas de facelo.

En segundo lugar, e paralelamente a unha reclamación que cremos xusta —a xestión directa desta renda por parte das comunidades autónomas—, Galicia deseñará o mecanismo para que unha parte do orzamento da Risga se oriente a complementar o Ingreso Mínimo Vital, garantindo, iso si, que estea vinculado coa inserción sociolaboral das persoas que o perciben.

A nosa comunidade tamén estará pendente daquelas persoas que están nunha situación máis extrema. Seguiremos traballando para evitar os desafiuzamentos e facilitando alternativas habitacionais ás persoas que os sofren.

Ademais, nesta lexislatura, desenvolveranse as medidas recollidas no Plan de atención a persoas sen fogar, que inciden especialmente no acceso á vivenda. Temos o convencemento de que dispoñer dun teito é a mellor forma de iniciar un proceso de inclusión social.

Somos conscientes das dificultades de moitos galegos, especialmente dos máis novos, para acceder a unha vivenda. Pode agravarse no contexto actual, e por iso seguiremos priorizando esta tarefa: a través do Bono do Alugueiro Social, que durante a pandemia está a cubrir o cen por cento da renda co diñeiro de todos os galegos a través do presuposto da Xunta; con novas axudas para a adquisición de vivenda protexida, tanto nova como rehabilitada, de ata 20.000 euros para as familias con menos ingresos; incentivando a emancipación dos mozos cun programa de alugueiro con opción a compra; e fomentando tamén a mobilización de vivendas baleiras, un obxectivo no que levamos traballando moito ao longo dos últimos anos. Máis de 33.000 familias en Galicia contan con axudas da Xunta para alugueiro ou rehabilitación, e o noso obxectivo é que haxa cada vez máis, porque ter unha vivenda digna é un



obxectivo clave para calquera persoa. Por suposto, en ningún caso, o dereito constitucional á vivenda pode exercerse en colisión coa liberdade ou a propiedade doutros galegos. Como a maioría dos cidadáns, estamos preocupados pola ocupación ilexítima de vivendas; dana a convivencia e atenta contra os valores que nos fan fortes como sociedade, e, como no resto de España, está crescendo de forma preocupante, polo que se debe reaccionar a nivel nacional con rapidez e contundencia, modificando a normativa legal axeitada. *(Aplausos.)*

As difíciles semanas nas que España estivo confinada fixéronnos apreciar máis, se cabe, a importancia de dispoñer dun fogar en condicións. Pero o noso pensamento estivo tamén con aqueles que teñen unha vivenda pero non con quen compartila. As persoas maiores que viven soas precisan apoio, compañía e cariño. Para achegár llelo dispoñemos do servizo de axuda no fogar, que, despois destes once anos, chega a 16 veces máis domicilios que antes. Tamén o Xantar na casa ou o servizo de teleasistencia. Seguiremos estando ao seu carón. Nos vindeiros meses presentaremos a Estratexia de atención á soidade non desexada, que identificará esta problemática e propondrá medidas para solucionarala. Tamén volverá a poñerse en marcha con todas as garantías sanitarias o autobús de Coidados porta a porta, que en 2019 percorreu 20 concellos e que neste 2020 levará a 200 municipios servizos de óptica, podoloxía, estimulación cognitiva, etc.

Teño a convicción de que as persoas maiores deben ser suxeitos activos, non pasivos, desta sociedade. A súa voz debe ser escoitada con atención, valorada e respectada. Os galegos de máis idade teñen dereito a decidir como queren facerse maiores. Dende esta filosofía estenderemos unha iniciativa pioneira como son as casas do maior, que nesta lexislatura chegará ao cen por cento dos concellos de menos de 5.000 habitantes. Xa están en funcionamento as primeiras 30 e lanzada a orde para outras 30 casas do maior máis. Reforzaremos tamén a rede pública de residencias de maiores para aquelas persoas que, polo seu grao de dependencia, precisan un apoio máis intenso.

Na primeira metade desta lexislatura Galicia contará con sete das mellores residencias de Europa, as que proxectamos co financiamento da Fundación Amancio Ortega nas principais cidades de Galicia, e complementaranse con máis prazas públicas naquelas zonas onde existe unha maior demanda.

Se nestes once anos conseguimos incrementar nun 44 % o número de prazas á disposición das persoas maiores dependentes, ata o 2024 prevemos subir esta porcentaxe ata o 80 %, creando 2.000 prazas máis. *(Aplausos.)*

Pero todo isto, como é natural, non podemos facelo sós. O financiamento do sistema de atención á dependencia non pode recaer case en exclusiva sobre os ombros das comunidades autónomas.

Dos 383 millóns de euros que Galicia destina a atender as persoas dependentes, tres cuartas partes proveñen da Comunidade Autónoma, contradicindo a lei, que establece unha repartición 50-50. Dende 2009, o investimento da Xunta en dependencia incrementouse nun 95 % e os fondos estatais nun 24 %. Espero que esta sexa a lexislatura na que o Goberno central salde esta débeda cos maiores e coas persoas con discapacidade en Galicia.



Isto non significa, señorías, que na nosa comunidade non sigamos tendo materias pendentes. Pese ao incremento sostido das prazas públicas, pese ao impulso á integración laboral das persoas con discapacidade, pese ás melloras na accesibilidade, aínda existe marxe de mellora.

Moitas persoas pasan demasiado tempo esperando polo seu grao de dependencia ou de discapacidade, unha situación que se viu acentuada durante a pandemia. Por eles, comprometémonos a axilizar e simplificar os procesos necesarios para acceder aos servizos e prestacións públicas.

Nesta mesma liña, proximamente, contaremos cunha ferramenta útil para que as persoas con discapacidade poidan acceder canto antes a un centro que se axuste ás súas necesidades e preferencias. Falo do decreto do concerto social, que xa está en tramitación e esperamos que pronto vexa a luz.

Permítanme tamén reiterar o meu compromiso coa xustiza, un servizo que tamén se está a ver fortemente presionado a raíz da pandemia. É prioritario que o Goberno central desenvolva con éxito e con fondos suficientes un plan de reactivación dos órganos xudiciais. Conta con todo o apoio da Xunta de Galicia.

Pola nosa parte, non renunciamos a seguir completando nin a renovación tecnolóxica nin a seguir finalizando as infraestruturas xudiciais que necesitamos. De feito, do mesmo xeito que nos últimos anos investimos cen millóns de euros na renovación tecnolóxica e de infraestruturas nas cidades de Ourense, A Coruña, Santiago e Ferrol, que teñen novos xulgados á disposición, seguiremos traballando e, por exemplo, remataremos a Cidade da Xustiza de Vigo, a maior obra xudicial feita nunca na historia de Galicia. *(Aplausos.)*

Señorías, hai e haberá galegos en dificultades que debemos protexer porque a situación económica é complexísima. Xa estamos padecendo as consecuencias da pandemia, como o resto de comunidades e países. A isto únese a incerteza sobre os rebrotes, e os efectos das medidas que hai que tomar para contelos. E no noso caso súmanse ademais as preocupantes previsións para España, que apuntan á maior caída do produto interior bruto da contorna europea, sen precedentes na nosa historia. Debemos aceptalo con realismo porque isto é básico para poder anticiparse, sen esperar pasivamente os acontecementos. E debemos afrontalo con esperanza porque xa superamos momentos de recesión antes.

Se Galicia é a segunda comunidade que máis aumentou o PIB per cápita na última década, acadou a maior converxencia en renda con España da serie histórica, bateu récords de exportacións ata a chegada da pandemia, reduciu a taxa de paro do 12,6 % que atopamos no ano 2009 ao 11,95 % actual ou cambiou o rumbo de sectores que estaban caendo, como o naval ou a automoción, se fomos capaces de lograr iso, é porque como pobo fomos capaces de reverter a fonda crise que tamén marcou unha sesión de investidura como esta na primeira das miñas lexislaturas. Esa experiencia debe impulsarnos.

Tamén no presente hai ocos de esperanza nos que podemos apoiarnos para afrontar o desafío actual. Por exemplo, os datos de caída do PIB —aínda que durísimos— revelan polo mo-



mento un mellor comportamento de Galicia que o resto de España. En Galicia o PIB cae o 14,5 % e no resto de España o 18,5 %.

O emprego destruído no segundo trimestre estase recuperando a maior ritmo que a media nacional. En Galicia recupérase o 81,85 % fronte ao 31 % do conxunto do Estado.

E o mesmo ocorre cos ERTE. Galicia foi a quinta comunidade onde máis rápido descendeu o número de traballadores nesta situación, cunha intensidade oito puntos superior ao conxunto de España.

E, ademais dos datos, tamén temos a nosa forza colectiva. Como xa dixen, conto con todos os grupos desta cámara. Se cada día galegos que foron votantes do Partido Socialista ou do Bloque Nacionalista ou do Partido Popular de Galicia traballan e loitan xuntos, tamén nós temos que sumar esforzos na busca de respostas realistas ás consecuencias económicas e sociais da pandemia.

A reacción tamén será máis axeitada se seguimos contando co tecido produtivo, coa súa visión e experiencia, como fixemos en Galicia ao constituír o Comité de Expertos Económicos. Quero agradecer a todos os seus integrantes a súa disposición e trasladarlles igualmente que o seu servizo a Galicia non rematou. Seguirémolos necesitando.

E, por suposto, o diálogo social. O diálogo social é un instrumento clave para trazar medidas que palíen a situación actual e impulsen a senda de crecemento. O diálogo social resultou moi útil para dar os primeiros pasos durante a pandemia. Por exemplo, no diálogo social Galicia pactou e conseguiu ser unha das primeiras comunidades que facilitou que os traballadores afectados por un ERTE puidesen cobrar un anticipo da súa nómina, cando o Goberno aínda non llela tiña ingresada. Por exemplo, no diálogo social activamos axudas para completar as prestacións de menor contía dos traballadores afectados por expedientes de regulación temporal de emprego e para as persoas a partir de cincuenta e cinco anos que perderon o seu emprego. Por exemplo, no diálogo social fixemos un novo programa de formación dixital dirixido a parados con máis de corenta e cinco anos. E tamén no diálogo social durante a pandemia aprobamos un paquete de medidas extraordinarias de conciliación para axudar as familias, que inclúe as excedencias e as reducións de xornada por coidados de menores ou maiores. Todas elas —insisto— son iniciativas que xurdiron no seo do diálogo social durante os meses da primeira ola.

Por iso, a miña intención é reforzar o marco de concertación que xa tiñamos. Anúnciolles que a miña primeira decisión xunto co nomeamento do novo goberno será a convocatoria da Mesa do Diálogo Social, (*Aplausos.*) precisamente para trazar xuntos métodos e obxectivos. Métodos e obxectivos para paliar a crise, pero tamén para saír reforzados dela e deseñar a Galicia de 2030, apoiada en catro eixos nos que xa viñamos traballando como vostedes saben: unha Galicia máis familiar, unha Galicia máis verde, unha Galicia máis innovadora e unha Galicia máis aberta.

Señorías, non oculto que un obstáculo determinante para afrontar o futuro é a incerteza que temos sobre as contas públicas. Galicia tiña ata a chegada da covid-19 unha situación financeira saneada. Soubemos manter o autogoberno. Non precisamos de axudas que impli-



caran perda de control ou intervención da nosa Facenda autonómica. Fomos a Comunidade que menos aumentou a débeda pública dende o ano 2008 e a que mellor paga, aínda actualmente, os seus provedores.

Esos datos, aos que, por suposto, seguimos aspirando, vense agora superados por unha restra de incógnitas acerca da situación financeira que temos as comunidades e que cómpre disipar canto antes. Dende que se iniciou esta crise, a maioría dos presidentes autonómicos pedimos a celebración dun Consello de Política Fiscal e Financeira. Non se celebrou ningún. E é imprescindible porque as autonomías, que estamos asumindo importantes tensións para poder cumprir coas competencias que temos, precisamos respostas e decisións. Como tamén o é mellorar o funcionamento da Conferencia de Presidentes, para que sexa útil e verdadeiramente un espazo de acordo concreto.

En primeiro lugar, necesitamos volver falar do fondo de 16.000 millóns de euros habilitado para afrontar os gastos deste ano, porque se está revelando insuficiente. Pero, ademais, seguimos absolutamente en contra dos criterios fixados discrecionalmente polo Goberno, que no caso de Galicia supuxo só no primeiro tramo deste fondo perder 83 millóns de euros en relación coa porcentaxe que nos correspondería co sistema de financiamento actual.

En segundo lugar, discrepamos de que se eliminara do fondo a área social, toda vez que Galicia xa preveu setenta e seis millóns e medio de recursos na área social, mentres o Goberno só enviou 18,9 millóns, e deles o 43 % para os concellos.

E, en terceiro lugar, porque debe ter continuidade este ano 2021. Hai gastos que van ser estruturais durante varios anos —en sanidade e en educación especialmente— e, por iso, o Goberno debería habilitar un fondo similar suficientemente dotado para o ano 2021, o fondo covid 2021.

Dentro da restra de incertezas, segunda necesidade financeira: o Goberno central segue sen aboar os 370 millóns que lle debe a Galicia, así como ao resto das comunidades autónomas, pola mensualidade do IVE que está sen pagar e polos incentivos polo cumprimento dos obxectivos fiscais, que dende o ano 2017 segue sen pagar.

Terceiro. Tampouco se transferiron os fondos finalistas para emprego, uns fondos que nos confiscaron simplemente, e que no caso de Galicia ascende a cen millóns de euros. Seguimos exixindo o acceso a eles. O lóxico sería amplialos ante unha nova realidade sociolaboral que recomenda fortalecer as políticas activas de emprego.

Cuarto. Aínda non temos ningunha información para elaborar os presupostos do próximo ano, que neste momento —como todos vostedes saben— deberían estar en proceso de elaboración. Non temos ningunha información. Non sabemos nin coñecemos o teito de gasto, nin as previsións, nin os anticipos á conta, nin os obxectivos de déficit público, nin a porcentaxe de débeda autorizada, é dicir, non sabemos nada.

Quinto. Estamos en desacordo co acordo alcanzado coa Presidencia da Federación Española de Municipios —en contra de todos os partidos, salvo do Partido Socialista— respecto ao superávit dos concellos, que corresponde aos veciños de cada municipio.



E en sexto lugar, importantísimo. Hai que aclarar a situación na que queda Galicia respecto aos fondos europeos. O acordo alcanzando por España a nivel europeo suporía, co procedemento actual, unha perda do 40 % dos fondos europeos respecto ao período comunitario anterior. O que, por suposto, comprenderán vostedes que non podemos aceptar. Xa lle pedín reconsiderar a nivel nacional ao presidente do Goberno porque é básico para que poidamos preparar o futuro cun mínimo de planificación económica e presupostaria.

En sétimo lugar. Levamos anos reclamando dende a Xunta que se actualice o sistema de repartición de fondos, que naceu eivado. Pasa por unha reforma ou actualización do sistema de financiamento autonómico que xa non pode adiarse máis e que debemos negociar entre todos, pensando máis en persoas e menos en territorios.

E, en oitavo lugar, debemos habilitar un sistema que garanta ás comunidades participaren na xestión do fondo de recuperación aprobado pola Unión Europea, sobre o que logo volverei.

Ademais da situación financeira das administracións, é moi importante que non agravemos os problemas que xa temos. Sería totalmente incompatible falar de reconstrución e, ao mesmo tempo, deixar caer empresas que supoñen miles de postos de traballo. *(Aplausos.)*

O Goberno central debe poñer fin ás incertezas xeradas na industria asentada no litoral cunha nova lei de costas que naza do consenso e a defensa do emprego; tamén dos empregos que garante Ence para cinco mil familias directamente e oitenta mil familias que viven da madeira. Debe buscar alternativas que garantan un futuro industrial para as comarcas dependentes das centrais de Meirama e As Pontes. Velar polo futuro de Navantia, sobre todo para cubrir o baleiro que ten polo atraso da construción das fragatas. Garantir un prezo eléctrico que achegue estabilidade á industria electrointensiva, para que poida competir en igualdade de condicións co resto de Europa e porque cinco mil familias en Galicia dependen do prezo da enerxía para a industria electrointensiva.

E debe implicarse para materializar a solución viable e estable para Alcoa. Hai unha opción. E ademais temos a palabra que me deu persoalmente o presidente do Goberno. Dende logo, eu creo nesa palabra e traballarei con el para conseguir o obxectivo que compartimos todos: manter a actividade industrial na Mariña lucense e salvar os miles de emprego en xogo. *(Aplausos.)*

Entre todos debemos crear un clima propicio para que a economía poida afrontar o momento actual, e por suposto a Xunta tamén. Con ese convencemento aprobamos en xuño o Plan de reactivación e dinamización, dotado con 3.043 millóns de euros de investimento público-privado. E como xa avanzamos, traerémolo á comisión que se cree neste Parlamento para seguir fortalecendo un paquete de medidas en tres ámbitos: medidas para afrontar o shock, medidas para impulsar a reactivación e medidas para acelerar a transformación económica.

Loxicamente o máis urxente é afrontar o shock inicial. E para iso xa achegamos todos os mecanismos de financiamento ao noso alcance para a industria e o resto do tecido produtivo. Por exemplo: vacacións fiscais de impostos galegos ata novembro do ano 2020, aprazamento das cotas de amortización do primeiro semestre dos préstamos do Igape e XesGalicia, axi-



lización de pago a provedores, préstamos de ata 200.000 euros que beneficiaron xa a 2.200 empresas e microcréditos cos que bonificamos o cen por cento dos xuros a pequenos emprendedores e autónomos, e Igape Responde converteuse en xanela única para asesorar os emprendedores; todo o posible, en definitiva, para outorgar liquidez e apoiar o mantemento da actividade, porque iso era o primeiro.

Nunha segunda fase tamén asumimos a nosa responsabilidade para contribuír á reactivación. Por exemplo, recuperamos o cen por cento da obra pública que estaba en execución en Galicia antes do estado de alarma —a primeira comunidade autónoma que recuperou toda a obra pública, con 508 obras que supoñen manter 5.300 postos de traballo—, flexibilizamos as condicións de acceso ao solo empresarial propiedade da Xunta de Galicia, aprobamos novas liñas de financiamento para axudar as empresas a reinventarse nun novo contexto no que case nada é igual que antes —a transformación e dixitalización de espazos comerciais é quizais un dos exemplos máis ilustrativos e máis exitosos disto—, contribuímos a xerar unha industria de material covid en Galicia destinando case 12 millóns de euros que, por exemplo, permitiron unha capacidade de fabricación de preto dun millón de máscaras cada día en Galicia.

Permítanme referirme neste punto ás persoas e aos sectores que están a verse especialmente afectados pola crise. Loxicamente as persoas máis castigadas pola crise son os desempregados, ou aquelas persoas que ven reducida a súa xornada laboral e ingresos. É necesario darlles respostas específicas e por iso redefinimos unha nova axenda de emprego que prevé mobilizar máis de 225 millóns de euros e beneficiar a máis de 65.000 galegos desempregados.

Atendemos os principais retos que se deben afrontar no mercado laboral, que debe prepararse para a transformación tecnolóxica de empresas e autónomos e facilitar a convivencia das diferentes formas de traballo —presencial e teletraballo—.

A crise tampouco está afectando a todos os sectores da mesma maneira, e temos que ser plenamente conscientes de que a hostalería, o turismo, o sector do ocio e da festa ou o da venda ambulante están a sufrir moi intensamente. Agradezo a colaboración de todos nun momento de moita incerteza para eles. Decisións como o peche dos establecementos de ocio nocturno son necesarios en determinados momentos para conter o avance da pandemia, pero loxicamente teñen consecuencias económicas que hai que ter en conta. Neste sentido seguiremos a traballar, conxuntamente co sector, nun protocolo de reactivación para cando a situación sanitaria permita a reapertura paulatina dos locais, así como en vías de financiamento ás que poidan acceder.

Tamén quero recoñecer o esforzo de todo o sector turístico na preparación para a campaña de verán, ao que tentamos contribuír cun plan de choque de 58 millóns de euros e do que o 75 % das medidas están en execución. Galicia chega aos meses de vacacións cos deberes máis feitos e iso traducíuse en que estamos entre as comunidades cos mellores resultados turísticos. E con ese impulso imos seguir traballando para resistir pero tamén para avanzar. Porque esta crise —diciálles— tamén nos convoca a medio e longo prazo e pon ante nós o reto de afrontar a transformación na que xa estabamos inmersos pero que cómpre acelerar.



Primeiro, a transformación cara a unha Galicia aberta. Xa estabamos no camiño cara a unha Galicia aberta impulsados por un modelo turístico exitoso e co horizonte dunha década que vai celebrar tres xacobeos. Nos últimos anos aumentamos en máis dun millón a cifra de turistas anuais, crecemos en todas as variables, consolidamos un novo modelo turístico máis descentralizado e máis desestacionalizado, duplicamos o número de turistas estranxeiros. É certo que a pandemia transformou profundamente a nosa realidade, por iso é fundamental reformular o Xacobeo. E estamos a facelo a escasos catro meses do seu inicio e grazas ao traballo avanzado, que nos permitiu ter unha proposta e un diagnóstico con gran antelación.

A década xacobeas que imos iniciar debe de ser, máis aló dunha celebración, unha ferramenta económica na que debemos tentar apoiarnos. No ámbito turístico suporá unha vantaxe competitiva nun momento no que todos os destinos buscan reinventarse e adaptarse a un novo escenario de incertezas. En Galicia partimos dun acontecemento recoñecido mundialmente que leva séculos fomentando os valores que hoxe todos buscan para o seu destino —non só no ámbito turístico, tamén no ámbito cultural—. No ámbito cultural debe ser un revulsivo para os nosos creadores dende o que retomar a súa actividade, un acontecemento que fomenta o deseño de produtos e formatos e que incentive a demanda para construír e consolidar proxectos de país a longo prazo. Despois dun impacto colectivo tan profundo como o sufrido durante estes meses, o Xacobeo pode ser —e imos traballar para iso— un apoio para a recuperación non só económica senón tamén emocional do pobo galego. *(Aplausos.)*

Transformación, en segundo lugar, cara a unha Galicia innovadora. Señorías, igualmente temos que seguir avanzando cara a esa Galicia máis innovadora. Iso non significa renunciar ao que xa somos, porque os sectores estratéxicos da nosa economía están chamados a seguilo sendo. Non renunciamos a seguir sendo líderes no sector pesqueiro, pero debemos seguir innovado para responder aos retos da comercialización e garantir novas fórmulas de traballo máis sostibles. Neste sentido están listos para botar a andar nos primeiros compases da lexislatura o Plan de acción de marisqueo e o Plan de acción da pesca costeira artesanal. Tamén seguiremos atentos ás consecuencias que o Brexit teña en ámbitos coma este.

Tampouco renunciamos a que moitos galegos sigan vivindo do rural, pero debemos seguir innovando para avanzar na súa modernización, para seguir atraendo proxectos de transformación do sector lácteo e para seguir aumentando a agricultura ecolóxica. Non renunciamos ás nosas industrias históricas, como o naval e a automoción, e imos seguir innovando e continuando a aposta decidida pola súa modernización. E tampouco renunciamos a apostar por sectores novos sen tradición na nosa historia económica pero con especial potencial de crecemento, como o aeronáutico ou o biotecnolóxico, porque iso tamén é innovar.

Pero, ademais do noso propio convencemento, estamos obrigados a seguir por ese camiño da innovación porque a Unión Europea tamén vai por aí. Neste sentido, o fondo habilitado a nivel comunitario é unha fiestra de oportunidade que non podemos desaproveitar. E por iso seguirá sendo unha prioridade para nós apoiar as pemes en ferramentas 4.0 e a industria na aposta pola fábrica intelixente; tamén que os centros de fabricación avanzada dean continuidade aos primeiros que xa están aprobados, como o polo TIC da Coruña, e seguir acompañando os emprendedores na comercialización de solucións innovadoras fronte á covid,



como viñemos facendo nestes meses; e por suposto apoiando a Galicia innovadora na dixitalización, que neste contexto é absolutamente imprescindible.

En terceiro lugar, a transformación cara á Galicia verde. O fondo de reconstrución europeo tamén reforza a nosa aposta pola Galicia verde, convócanos a afondar no reto da economía sostible. E Galicia tamén está nel. Seguiremos apostando por un sector estratéxico para a nosa economía como é o forestal, e en concreto lanzaremos a liña «Emprega madeira» para fomentar a construción ou rehabilitación a partir deste material. Tamén polo crecemento das enerxías renovables. Galicia é a segunda comunidade autónoma con maior potencia eléctrica renovable instalada, cunha produción equivalente ao 88 % do total do noso consumo, e seguiremos traballando no seu impulso porque queremos que esta porcentaxe chegue ao cen por cento.

Estamos convocados, en definitiva, a acelerar a transformación económica, e Galicia está disposta. De feito, como lles dixen, xa lle pedimos ao Goberno central que implique as comunidades no plan de investimentos e reformas que está elaborando, e este venres volverei solicitalo na Conferencia de Presidentes. Debemos sentarnos para que no outono poidamos levar a Europa un plan acordado por todos. Dende logo, Galicia ten vontade e ten tamén xa deseñados os primeiros proxectos tractores, que, na nosa opinión, encaixan perfectamente na filosofía do fondo europeo: a instalación dunha planta de produción de hidróxeno verde, a implantación dun centro para o impulso da economía circular e a creación dun centro de fabricación de fibras téxtiles sostibles a partir da celulosa soluble de madeira que permita diversificar un sector estratéxico para Galicia. Son tres proxectos tractores nos que vimos traballando dende hai meses.

Señorías, só estes tres proxectos supoñen un investimento superior a 1.000 millóns de euros, pero o noso compromiso é darlles continuidade con iniciativas adicionais, que deseñaremos cos expertos e cos sectores máis innovadores. Ese é o noso obxectivo, porque encaixan na aposta por facer unha transición enerxética planificada, ordenada e xusta.

A transición ecolóxica que nos gustaría acordar co Goberno central, máis que apoiarse en pechados criterios doutrinarios, debería sustentarse na realidade. Esa realidade está definida por comarcas necesitadas de reactivación industrial, por traballadores e profesionais ben cualificados e por industrias que requiren un cambio e unha adaptación gradual. Non somos orixinais neste punto. Europa, sen distincións partidarias, segue este camiño que, por razóns difíciles de entender, o Goberno da nación de momento desdeña.

Señorías, é incuestionable que a chegada desta pandemia trastocou os plans de Galicia como en todo o mundo. As familias reordenaron os seus hábitos e as institucións da nosa comunidade tampouco foron alleas a esta reorientación colectiva. Nestes meses cambiaron as urxencias do Goberno galego pero non os nosos compromisos coa cidadanía, porque os nosos compromisos coa cidadanía permanecen e será fixados no plan estratéxico que estamos elaborando.

As decisións que tomamos e tomaremos para combater a pandemia deixarán un cimento na nosa comunidade. O noso labor é garantir que sobre ese cimento poida seguir construíndose



a Galicia que queremos e pola que levamos tantos anos traballando. Nesta época brumosa resulta complicado mirar ao lonxe, cara a adiante, pero é o noso deber facelo. Cando superemos xuntos esta situación, que a superaremos, non podemos nin debemos atoparnos ante o baleiro sen unha planificación que guíe os nosos pasos. Antes desta crise Galicia tiña unhas metas compartidas, uns obxectivos comúns e unhas rutas de consenso para acadalos. Pode que haxa que alterar o plan de viaxe pero dende logo non imos renunciar ao destino que nos marcamos. *(Aplausos.)*

O primeiro deles, o primeiro dos retos ao que non podemos renunciar, é o futuro demográfico. Non se trata de que este problema demográfico sexa unha cuestión novidosa. Hoxe existe un amplo consenso sobre que a demografía debe estar no máis alto da axenda das prioridades dos gobernos europeos. Confío en que ese sentir colectivo atope reflexo nesta Cámara, o que haberá ocasións de demostrar ao longo desta lexislatura.

A Xunta aprobou neste ano o Proxecto de lei de impulso demográfico de Galicia, un texto pioneiro non só na nosa comunidade senón a nivel nacional. Unha das primeiras decisións que debe tomar o próximo Goberno será remitilo a este Parlamento para que se debata, se enriqueza e que se lle dea luz verde definitivamente.

Para abordar esta cuestión con rigor, co rigor que precisa, debemos evitar caer en simplismos, non é só unha cuestión cultural, non é só un problema económico, non é só un problema de conciliación, non é só un problema de preferencias persoais, é unha combinación de todos estes factores que calquera política demográfica debe ter en conta para ser eficaz. Nesa liña van as medidas que recolle a Lei de impulso demográfico, algunhas das cales xa están en vigor. Na semana na que os máis pequenos da casa —hoxe— empezan a reincorporarse ás aulas é obrigado recordar que as familias galegas son as únicas de España que dispoñen dunha educación infantil totalmente gratuíta para os segundos fillos e sucesivos. *(Aplausos.)*

A gratuidade da atención educativa para máis de doce mil quiñentos cativos non é unha decisión illada. Trátase da continuación lóxica a once anos nos que a educación infantil viviu en Galicia unha etapa de expansión sen precedentes, co dobre de prazas públicas, con novas axudas e con novos instrumentos de conciliación como as casas niño do rural. Nos vindeiros anos profundaremos na conciliación máis alá dos límites da escola infantil con fondos para que as empresas poñan en marcha servizos de atención á infancia, con máis apoio para contratar canguros e unha especial reflexión sobre os horarios e a flexibilidade, cuestión que o confinamento volveu poñer de plena actualidade.

Ademais das medidas de conciliación, nestes anos tamén diriximos aos fogares con fillos máis axudas económicas que nunca. Dende o ano 2016 repartimos sesenta mil tarxetas Benvida, cunha aportación económica de setenta millóns de euros en beneficio das familias que teñen un fillo ou unha filla.

Nesta lexislatura que comezará, Galicia volverá estar á vangarda das políticas de apoio ás familias, equiparando, para os efectos do imposto da renda, os fogares monoparentais ou con dous fillos ás familias numerosas, e concedéndolles a estas unha bonificación de 250 euros por cada fillo a partir do terceiro. Como é natural, as familias con tres ou máis fillos



seguirán contando co apoio incondicional deste goberno. Para eles, tal e como comprometemos durante a campaña, xa temos moi avanzada a redacción do Plan de apoio ás familias numerosas, que verá a luz antes de que remate este ano 2020.

Dentro deste paquete de medidas, estes fogares con familias numerosas poderán atopar, por exemplo, descontos en todas as peaxes das autoestradas de titularidade autonómica, apoio específico para as familias numerosas de tipo especial con cinco ou máis fillos, ou prezos reducidos nos aparcadoiros dos hospitais ou outros centros da Xunta de Galicia.

Pero a demografía engloba moito máis que as políticas de conciliación e apoio ás familias; tamén é a fixación e a atracción de nova poboación, o equilibrio territorial e a igualdade, e son políticas destinadas aos máis novos e aos maiores.

A Galicia do futuro debe presentar novas oportunidades para a mocidade, e é básico para iso que sigan tendo unha formación axeitada ás necesidades presentes e futuras. Oportunidades como as que se garanten coa maior aposta pola formación profesional, que hoxe cun 50 % máis de matriculados e cada vez máis formación profesional dual, e como as que garanten tamén as universidades a través da renovación do Mapa de titulacións que están a facer.

Oportunidades tanto para os mozos que naceron aquí como para os que veñen de fóra. Señorías, cada vez son máis as persoas que queren asentarse na nosa terra. Por iso, no ano 2019 conseguimos crecer timidamente en poboación por primeira vez en dez anos. Pero dende o 2009 entraron en Galicia 46.661 persoas máis das que se foron. E, dende logo, as nosas portas seguen abertas para todos os que queiran volver, especialmente pensando nos galegos de segunda e terceira xeración, que están a vivir nun momento dificilísimo na maioría dos países de Latinoamérica.

A Galicia do futuro debe apostar polo envellecemento activo, porque os nosos maiores seguen tendo moito que dicir e que achegar. A Galicia do futuro debe seguir dando pasos en igualdade, porque é moito o que avanzou nesta materia, pero debe seguir avanzando para que non queden restos de machismo na nosa terra. A Galicia do futuro debe afondar en cohesión, para que as oportunidades non dependan do lugar da nosa comunidade onde vivan.

A fenda que aínda existe entre a Galicia rural e a das cidades seguirase reducindo durante esta lexislatura. Por iso é necesario avanzar na dotación de infraestruturas que reduzan os tempos necesarios para moverse dentro da nosa comunidade.

O mesmo compromiso que fixo posible renovar as liñas de transporte público e garantir que sexa gratuíto para todos os menores de vinte e un anos en todas as liñas de transporte público da Xunta de Galicia. O mesmo compromiso que fixo que o 80 % dos galegos xa teñamos a menos de quince minutos da nosa casa unha vía de alta capacidade, que garantirá tamén que se materialicen novos avances.

Falo da intermodalidade, que nesta lexislatura poderán comezar a aproveitar moitos galegos; falo de infraestruturas viarias, nas que seguiremos traballando e, por suposto, da chegada do tren de alta velocidade. Non pode haber máis excusas —supoño—. Galicia non



admitirá novos atrasos sobre atrasos, nin máis incumprimentos sobre incumprimentos. Queremos un calendario definitivo xa. Non creo que iso sexa moito pedir. *(Aplausos.)*

Tamén temos moi presente que, ás portas da terceira década do século XXI, algunhas das infraestruturas máis importantes non están dedicadas á mobilidade das persoas. No «debe» de Galicia está aínda a conectividade móbil en certas zonas rurais, algo que supón importantes dificultades para os seus veciños á hora, por exemplo, de teletraballaren. Para poñerlle remedio, a Xunta vai liderar e seguir liderando os esforzos para mellorar a cobertura nas zonas onde os operadores non teñen previsto facelo. Porque unha Galicia vertebrada pasa necesariamente por garantir un acceso á internet decente en calquera punto do noso territorio.

A mellora das infraestruturas é unha das ferramentas fundamentais para mellorar a vertebración da nosa comunidade, pero non é a única. Na última década fíxose un importante esforzo normativo para avanzar cara a un territorio máis ordenado, no que persistiremos nos primeiros compases desta lexislatura con dúas leis moi ambiciosas. A problemática histórica da propiedade da terra no rural abordárase na nova lei de recuperación e posta en valor da terra agraria de Galicia, que axudará a identificar terreos abandonados cuxos propietarios son descoñecidos ou ilocalizables e mobilizalos para facelos produtivos. E a normativa de ordenación do territorio —segunda lei— dará un novo paso cara á súa racionalización cunha nova lei desta materia, que fará máis simples e áxiles os trámites necesarios para a posta en marcha de proxectos de interese estratéxico, sempre que todas as garantías legais e ambientais queden cumpridas.

A situación urbanística de moitos concellos pequenos tamén se clarificará grazas aos plans básicos municipais, e unha trintena de municipios modernizarán o seu urbanismo coa aprobación dos novos plans xerais de ordenación municipal. Os instrumentos de ordenación non deben supoñer obstáculos inxustificables aos proxectos que os galegos queiran desenvolver, ben ao contrario.

A normativa que levamos anos perfilando consolida un territorio máis vertebrado, que conxuga a harmonización das iniciativas dos particulares e as empresas coa necesaria protección dun dos bens máis valiosos que posuímos: a nosa paisaxe.

Galicia leva moitos anos apostando por un modelo de desenvolvemento compatible coa protección do medio natural e co futuro do planeta. A miña proposta para a vindeira lexislatura pasa pola economía circular, por unha xestión máis racional dos residuos e por unha reforma histórica na ordenación dos recursos hídricos a través da creación da Sogama da auga. *(Aplausos.)*

Galicia tamén porá o seu gran de area para mitigar as causas do cambio climático e paliar as súas consecuencias desenvolvendo a estratexia aprobada xa o pasado ano. A nosa comunidade, que xa é referencia en materia de enerxías renovables, seguirá traballando para reducir as emisións. Farémolo —iso si— como cremos que cómpre facer: de xeito progresivo, con racionalidade e procurando sempre alternativas para o mantemento e o desenvolvemento do tecido produtivo.

Aproveitar de xeito responsable o rico patrimonio natural de Galicia é o mellor xeito de respectalo. Darlle un uso e promover a súa permeabilidade coa sociedade galega é o modo máis



eficaz de preservalo. Nos vindeiros anos imos favorecer que os galegos, especialmente os máis novos, coñezan mellor os nosos parques naturais. En paralelo, seguiremos traballando nas candidaturas galegas ao patrimonio da humanidade. Cíes-Illas Atlánticas, o Ferrol da Ilustración e a Ribeira Sacra son tres xoias que deixaremos aos nosos fillos e netos cun recoñecemento, cun prestixio e nun estado de conservación mellor que o que nos atopamos.

Continuaremos tamén a aposta decidida pola recuperación do noso patrimonio urbanístico. Ademais de impulsar a rehabilitación de preto de tres mil vivendas, maioritariamente nos cascos históricos, ao abeiro das áreas Rexurbe, poremos en marcha unha liña de axudas específica para que os propietarios con menos recursos poidan finalizar as construcións que teñen inacabadas, respectando as indicacións da Guía de cores e materiais.

A Galicia do futuro debe querer-se máis a si mesma, outorgarlle máis valor ao que é noso. Iso engloba seguir defendendo a nosa lingua para abrila a todas as idades, especialmente aos mozos, a todos os ámbitos, como o económico, e ás linguas irmás, a través da lusofonía. Engloba tamén, por suposto, o talento dos nosos creadores. Esa é a finalidade da Estratexia da cultura galega, que acabamos de estreir e que engloba máis de trescentas cincuenta medidas de apoio ao sector clave da nosa terra.

Señorías, o urxente non pode facernos esquecer o que tamén é importante. Por iso, estes retos estruturais de futuro deben seguir concentrando unha parte da acción de goberno en proporción variable segundo vaia evolucionando a pandemia.

Señorías, para o seu futuro inmediato e non tan inmediato, o pobo galego vén de emitir un elocuente mandato nas urnas. Fai que este parlamento se compoña de tres forzas, ao tempo que sitúa fóra da Cámara posicións que, na nosa opinión, son extremas dun ou doutro signo, reafirma o pluralismo propio da nosa terra e facilita a posibilidade de entendernos.

Os galegos foron chamados ás urnas nunha situación social, económica e sanitaria especial, e creo que nos enviaron unha mensaxe acorde cos tempos que nos toca vivir. Non podemos ignorar ese chamamento. Dixéronnos que a democracia galega segue en pé, que queren estabilidade, e pediron unha resposta moderada que exige de todos nós un esforzo de achegamento. Por iso, como candidato a esta investidura e contando en principio —espero que se confirme— cun apoio aínda máis amplo que nas tres ocasións anteriores que me sometín a un debate como este, quero dicirlles que conto con todos os deputados e deputadas que hoxe estamos aquí. Para min, a maioría que os galegos outorgaron nas urnas non é un mandato exclusivo, senón inclusivo. *(Aplausos.)* Aspiro a que a resposta que temos que dar aos retos e dificultades que temos por diante non sexa só a dunha Xunta que conta con máis apoio dos cidadáns que en lexislaturas anteriores, senón que poida ser a resposta de toda Galicia para toda Galicia.

Nos últimos anos, en crises iniciadas, no medio das crises e en crises superadas, os galegos persistiron na súa forma de ser. Queren vivir nunha terra unida e centrada só en avanzar. Os galegos son así, somos así, queremos seguir sendo así.

Avogo por non importar liortas que menoscaban a convivencia que nos demos a través da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia. Avogo por preguntarnos cada



día en cada decisión e en cada proxecto: ¿que une máis os galegos?, ¿que os fai máis libres?, ¿que os fai máis igualitarios? Avogo por xestionar problemas reais —que xa hai dabondo— en lugar de engadir outros evitables e prescindibles e artificiais.

E por iso e para iso estou aquí e solicito o apoio deste parlamento. Solicito o apoio desta cámara para que Galicia avance unida e non divida. *(Aplausos.)*

Solicito o apoio desta cámara para que o interese xeral prevaleza sempre sobre intereses cativos.

Solicito o apoio desta cámara para defender as prioridades dos galegos: a saúde, o emprego, a recuperación económica e o benestar. *(Aplausos.)*

Solicito o apoio desta cámara para que Galicia siga respondendo ante a pandemia co sentimento que nos caracteriza.

Solicito o apoio desta cámara para traballar nas urxencias que xerou esta crise, pero sen esquecer que hai metas, retos e soños aos que Galicia non debe renunciar.

Solicito o apoio desta cámara para unha Galicia que actúa como unha familia na que nos apoiamos os uns nos outros, para unha Galicia verde que coida de si mesma, para unha Galicia innovadora capaz de anticipar o porvir, para unha Galicia que confía nos mozos e no seu propio futuro e para unha Galicia que, con todas as inxedanzas, afirmo que pode manter a confianza.

Solicito o apoio desta cámara consciente das dificultades que temos por diante, pero tamén coa esperanza que me dá a experiencia.

Estou convencido de que Galicia será capaz, como xa fixemos noutros momentos da nosa historia. *(Aplausos.)*

Señorías, esta lexislatura é hoxe a do coronavirus, pero porei todo de min para que remate sendo a lexislatura do entendemento e a lexislatura da recuperación, a lexislatura na que Galicia foi quen de volver superarse.

Galegos e galegas, estou ao seu servizo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor candidato.

A intervención dos grupos parlamentarios, de acordo co disposto no artigo 136 do Regulamento, será o día 3 de setembro de 2020, xoves, ás 11.45, doce menos cuarto. Fixemos todo isto en función da extensión do discurso do candidato. Recordo: 11.45, o próximo xoves, comeza a sesión. E mentres tanto suspéndese a mesma.

Bo día a todos.

Suspéndese a sesión ás once e trinta e catro minutos da mañá.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

